

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP DOUTOR SUÁREZ
CURSO:SEXTO PRIMARIA
MATERIA:CIENCIAS SOCIAIS
DEPARTAMENTO:
DATA:11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente coma de xeito colaborador dentro dun equipo.	- Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico. - Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de xeito ordenado, claro e limpo.
2. Describir as características do relevo de España, así como os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa	- Explica as características das principais unidades do relevo de España. - Localiza nun mapa as unidades do relevo de España. - Localiza nun mapa as vertentes hidrográficas de España e algúns dos seus principais ríos.
3. Describir as características do relevo de Europa, así como os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa	- Explica as características das principais unidades do relevo de Europa. - Localiza nun mapa as unidades do relevo de Europa. - Explica as características das principais paisaxes de Europa e de España, establece comparacións entre eles valorando a súa diversidade.

<p>4. Explicar as características esenciais dunha empresa, especificando as diferentes actividades e formas de organización que poden desenvolver distinguindo entre os distintos tipos de empresas.</p>	<p>-Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen as actividades que desenvolven.</p>
<p>5. Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes, recoñecendo as principais actividades económicas de España e de Europa.</p>	<p>-Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España.</p>
<p>6. Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sustentable dos recursos naturais proponendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento territorial sustentable das sociedades, especificando os seus efectos positivos.</p>	<p>-Valora a reciclaxe e a reutilización de distintos materiais. - Distingue entre deforestación, sobreexplotación e contaminación, e identifícaaas como accións humanas que deterioran o medio natural.</p>
<p>7. Describir o funcionamento da publicidade e as súas técnicas, distinguindo publicidade educativa e publicidade consumista</p>	<p>-Comenta imaxes ou anuncios publicitarios e recoñece a diferenza entre a realidade dos produtos e a forma na que se anuncian.</p>
<p>8. Analizar as grandes transformacións económicas de España e Europa do século XIX, especificando as que se levaron a cabo na</p>	<p>-Explica as grandes transformacións sociais e económicas de España no século XIX.</p>

agricultura, na industria e nos transportes.	

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos(Dentro da excepcionalidade da situación) -Observación . -Recollida tarefas. -Intercambio información correo/blog.
	Instrumentos: -Cuestionarios. -Escala de observación. -Rexistros.
Cualificación final	A cualificación final sacárase facendo media coas cualificacións das dúas primeiras avaliacións podendo tener conta ,sempre de forma positiva,, o traballo e actitude durante esta etapa de traballo non presencial.
Proba extraordinaria de setembro	-----
Alumnado de materia pendente	Hai unha alumna coa materia pendente pero a día de hoxe xa a ten recuperada. Aprobou a materia tamén este curso. Criterios de avaliación: B2.6.Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas. B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos no mapa. B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento humano. B2.2.Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características. -Traballos feitos . -Actuacións feitas para mellorar as dificultades na aprendizaxe sinaladas no Plan Recuperación materias pendentes.
	Criterios de cualificación:

	<p>Valorouse o traballo feito neste curso pero tamén a actitude e esforzo da alumna .</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Procedementos: -Observación sistemática. -Tarefas realizadas. Instrumentos: -Diario anotacións. -Escala valoración.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Realizaremos ,principalmente ,actividades de repaso e reforzo sobre os contidos do primeiro e segundo trimestre.</p> <p>Actividades de repaso e reforzo:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Fichas. -Resumos. -Traballo interactivo. -Batería Preguntas. -Recoñecemento imaxes de personaxes. -Xogos. -Mapas relevo España e Europa. <p>Actividades Recuperación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Traballos e resumo sobre un tema. -Fichas. <p>Actividades de Ampliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Vídeos. -Xogos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía foi buscando tarefas : Activas, participativas, lúdicas que favorezan a adquisición de aprendizaxes significativos.</p> <p>As actividades colocarónse no blogue de sexto de primaria. Para o alumnado sen conectividade recurriuse á chamada telefónica explicándolle onde se colocaban as tarefas. Para unha atención mellor a todo o alumnado, favoreceuse as respostas no propio blogue ou que as enviasen a un correo.. Actualmente todo o alumnado está en contacto coa titora. Nesta metodoloxía é esencial a flexibilidade ,adaptándose as circunstancias excepcionais nas que estamos.</p>
Materiais e recursos	<p>Tendo en conta que estamos nunha situación de excepcionalidade algúns materiais empregados foron fichas ,vídeos, xogos,... e recursos como páxinas web, Blogue</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O blogue de sexto de primaria será o medio polo que se informará ao alumnado e ás familias
Publicidade	Daráselle publicidade a través da páxina web do Centro.